# 23.4.18| Axudas de mobilidade complementarias ás da UE no marco do Erasmus+, para ensinanzas artísticas superiores

## Normativa

**Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2017/18**. (DOG nº 59 do 23/3/2018)

## Obxecto

Convocar axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas aos/ás estudantes de ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que participan no citado programa de mobilidade na educación superior durante o curso 2017/18.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou a entidade que as conceda.

## Requisitos dos/das solicitantes

a. Ser cidadán da Unión Europea ou estranxeiro non comunitario con residencia legalizada no Estado español. Non obstante, o alumnado con nacionalidade distinta á española non poderá realizar a mobilidade no seu país de orixe.
b. Estar matriculado no curso 2017/18 en calquera dos centros públicos que impartan ensinanzas artísticas superiores nesta comunidade autónoma.
c. Ter obtido unha bolsa Erasmus+ de mobilidade no curso 2017/18.
d. Non ter desfrutado desta axuda complementaria en convocatorias anteriores.

## Documentación

- **Solicitude** | **Presentación electrónica na sede**
- Documento acreditativo de ter concedida unha bolsa Erasmus+ de mobilidade no curso 2017/18.

## Prazo de presentación

Un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG. Ata o **23 de abril de 2018**.

## Lugar de presentación

- Preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, **https://sede.xunta.es.**
- En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Imprimir